



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE
CASELAS (PONTEVEDRA) , Nº 2/2013 (MANDATO 2011-2015), DE CARÁCTER
ORDINARIO , CELEBRADA O 26 DE ABRIL DE 2013.**

Salceda de Caselas, 26 de abril de 2013.

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (non adscrito)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, José (PP)

GÓMEZ GONZÁLEZ, Fernando (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

PEREIRA IGLESIAS, Emma (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

Grupo municipal mixto

CABALEIRO FERNÁNDEZ, Marina (PSdeG-PSOE).

Concelleiros non adscritos


ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Fortunato


CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis

LORENZO GONZÁLEZ, Cándido

PÉREZ GONZÁLEZ, María Teresa





Interventora do Concello

Elisa Marqués Parrilla

Secretario do Concello

Carlos López Quintáns

HORA DE INICIO: 20:03

HORA DE REMATE: 20:17

Na Sala de Sesións do Concello, sendo as 20:03 horas, tras convocatoria efectuada polo Sr. Alcalde mediante Decreto 135/2013 de 23 de abril de 2013, segundo o acordo plenario de 7 de xullo de 2011 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoitara os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte


ORDE DO DÍA:

Parte resolutiva da sesión



- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (sesión nº 1/2013, ordinaria, de 22 de febreiro de 2013).
- 2.- Proposta de aprobación inicial do Regulamento de Axuda no Fogar do Concello de Salceda de Caselas.
- 3.- Proposta de adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o Concello de Salceda de Caselas para a formación de persoas adultas a través das tecnoloxías da información e da comunicación, en formación aberta e a distancia nas ensinanzas MENTOR.
- 4.- Proposta de aprobación definitiva do inventario de vías públicas, redes eléctricas e instalacións de auga e saneamento.
- 5.- Proposta de resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento de Uso do Centro de Desenvolvemento Local de O Torrón.
- 6.- Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2013.





Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

7. Dación de conta dos concelleiros que formulaban parte do grupo municipal do BNG do fin da súa relación co Bloque Nacionalista Galego e do seu pase á situación de concelleiros non adscritos.
8. Dación de conta do Informe de Intervención sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, da Regra de Gasto e do límite da débeda.
9. Dación de conta do Informe de Intervención sobre a Evaluación do Plan de Axuste durante o primeiro trimestre de 2013.
10. Dación de conta de Decretos da Alcaldía: dende o nº 60/2013 de 19 de febreiro de 2013 ao 135/2013 de 23 de abril.
- 11.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 12.- Rogos e preguntas.

INICIO DA SESIÓN

O sr. **Alcalde** inicia a sesión dando a benvinda a todos pero é interrompido polo público asistente, que se identifica maioritariamente como afectados polas preferentes e subordinadas. O sr. Alcalde ante a petición deles, permite que sexa lido un manifesto que non lle consta a esta Secretaría.

O sr. **Alcalde** continúa explicando que o goberno municipal apoia aos estafados e di que en mostra delo enfudaranse a camiseta dos afectados.


Un dos membros do público interrompe o desenvolvemento da sesión e toma a palabra preguntando si os membros da corporación están de acordo coas quitas legalizadas polo Goberno en Madrid.

O sr. **ÁLVAREZ GONZÁLEZ** (non adscrito) manifesta en nome dos non adscritos que non están de acordo coa estafa, que pensan que é unha tomadura de pelo e que se deben devolver os cartos.

A sra. **CABALEIRO FERNÁNDEZ** (voceira do grupo mixto) explica que sería bo facer unha comisión de seguimento do problema e manifesta que están de acordo coas reivindicacións da plataforma de afectados e que condenan o Real Decreto polo que se establecen as quitas. Engade que farán todo o posible para instar a que se retire.

O sr. **RODRÍGUEZ DAVILA** (voceiro do grupo municipal popular) di que non están de acordo con que se levase a quitá. Manifesta o seu apoio ao público asistente.

Prodúcese unha nova interrupción por membros do público asistente. Un deles intervéen e reprochalle aos membros do PP que non o condenen. Di que o PP fixo do roubo unha lei. Fala de que se fixeron arbitraxes á carta e levantan unha pancarta reivindicativa. Di que queren que os apoien pero piden que non estén nos dous lados, mostrando apoio aos afectados e respaldando políticas do goberno. Varios membros do público pidenlles que pasen para o lado dos preferentistas.





Sendo as 20:17 horas o Sr. Alcalde toma a palabra e suspende a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de catro páxinas numeradas do un ao catro, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez



O SECRETARIO DO CONCELLO

Carlos Lopez Quintán

